



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 12 de febreiro de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 12 de febreiro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05/02/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/544

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Neus J. Santorum, S.L.**, para reparación do vehículo matrícula 2338GHV, adscrito ao Departamento de Obras, por un importe total de 738,89 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/546

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Construcciones Metálicas Cuevas, S.L.** para desmontaxe de motor existente e instalación de novo motor do portal de entrada ao taller de Obras, por un importe total de 1.216,05 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/548



Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. **Juan Antonio Gándara González** (Saneamientos Gándara) para o subministro de materiais para a súa reposición na Praza de Abastos (6 dispensadores de papel hixiénico, 2 dispensadores de papel-toalla, 1 barra abatible e 1 barra abatible con pe) por un importe total de 710,27 € (IVE incluído), con cargo á partida 4312.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/552

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento, alumeadado Público e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.** para a reparación do vehículo (camión guindastre) matrícula 8511-BGT adscrito ao Servizo de Alumeadado Público, por un importe total de 1.447,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/554

Vista a proposta do Enxeñeiro en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.** para o subministro de unha impresora de tickets Zebra GX Series GX430t e un escaner Epson WorkForce DS-860N para o rexistro da Xerencia de Urbanismo, por un importe total de 1.997,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 9201.62300.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/555

Dáse conta do escrito presentado por **D. José Angel Rey Castro**, solicitando a devolución do importe das sancións impostas mediante o sistema de “foto vermella” e se solicite á Dirección Xeral de Tráfico para que proceda ao reintegro dos puntos detraídos.

Visto o informe do Negociado de Sancións da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado dado que non se observa que se producira na tramitación dos expedientes a nome do interesado ningunha causa de nulidade ou anulabilidade, nin que se causara indefensión ao mesmo, polo que tampouco hai motivo para anular as detraccións de puntos realizadas no seu día como consecuencia da firmeza das sancións impostas nos anos 2011 e 2012.

Ademais as denuncias foron notificadas en prazo, non presentándose alegacións, nin recursos contra as mesmas, adquirindo firmeza esta.

PRP2018/564

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Rincón conde, como Presidente e representante da **C.P. Rúa Arcebispo Xelmirez 3-5**, en relación con molestias causadas por menores que xogan ao fútbol nas inmediacións do edificio causando molestias ao golpear o balón contra o portal e fachada lateral do mesmo.



Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que as actividades denunciadas poderían encadrarse no establecido no Art. 8.3 da Ordenanza Municipal de Circulación: “A práctica de xogos ou diversións nas vías públicas está sometida ao principio xeral de respecto aos demais, e, en especial, da súa seguridade e tranquilidade, así como ao feito de que non ocasionen danos á vía pública, mobiliario urbano ou instalacións, tanto públicos como privados”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que pola Policía Local se procederá a vixiar a zona.

PRP2018/565

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Rebeca Dasilva Pérez** solicitando a construción dun paso de peóns elevado na Rúa As Pías.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao cambio de sinal de límite de velocidade de 50 a 30 km/h., tanto horizontal como verticalmente, así como a instalación de bandas redutoras antes do paso de peóns existente.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez).

PRP2018/566

Visto o informe da Policía Local en relación con obras de ampliación de beirarrúa e elevación de paso de peóns realizadas ó carón do Instituto Armando Cotarelo Valledor, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á ampliación da praza de estacionamento de discapacitados, así como á colocación de sinal vertical de prohibido estacionar, excepto discapacitados.

Dar conta á Empresa Nemesio Ordóñez, S.A., que foi a adxudicataria das obras de elevación do paso de peóns, para que proceda a executar ou completar os traballos indicados.

PRP2018/567

Dáse conta de escrito remitido por Dirección de Mantenimento, Jefatura de Área de Mantenimento de Ourense, de ADIF, comunicando deficiencias no valo anti vandálico do Paso Superior que cruza a vía no Km 54/415 do Eixo Atlántico, Rúa Castro de Trabanca, coa finalidade de que sexa arranxado polo Concello.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a ADIF que as deficiencias xa foron arranxadas.

PRP2018/568

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Luisa Arroyo Euba, en representación de **Asociación Española Contra el Cancer**, solicitando autorización para instalar unha mesa e tres cadeiras na Rúa Alexandre Bóveda (fronte ao establecemento Os Pepes), o día 3 de febreiro, con motivo da celebración do Día Mundial contra o cancro.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.



- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/569

Dáse conta do escrito presentado por **D. Carlos Amo Doce** solicitando autorización para instalar un posto de churros en Praza Ravella, os mércores, xoves e venres (de febreiro a xuño e de outubro a decembro).

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Denegar a autorización con carácter xeral que se solicita.
- Comunicarlle que se poderán conceder autorizacións de carácter puntual previa solicitude para cada momento concreto.

PRP2018/572

Dáse conta do escrito presentado por D. Alberto Hernández Bergillos), en representación de un grupo de estudantes de 1º de Bacharelato do IES Castro Aobre, solicitando autorización para instalar tres carpas na Praza de Galicia, os días 17 e 18 de marzo co obxecto de recadar fondos para unha viaxe cultural a Italia.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/574

Dáse conta de Resolución de Portos de Galicia de expediente administrativo sancionador nº 13-03-17-02, por ocupación de dominio público portuario sen autorización no Porto de Vilaxoán con motivo das Festas do Carme, polo que se impón o Concello de Vilagarcía de Arousa unha sanción de 600,00 €, por ocupar unha superficie de 600 m² e o engancho á rede eléctrica sen autorización.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a liquidación nº 303180020, e o recoñecemento de obriga por importe de 600,00 €, con cargo á partida 929.22699.

Dar conta á Confraría de Pescadores de Vilaxoán.

PRP2018/676

Vista a proposta do Encargado Xefe do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Gasocentro Caldas, S.L.** para



o subministro de 1.500 litros de gasóleo para calefacción para o EEI Vagalume, por un importe total de 1.080,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/603

Dáse conta da resolución da Xunta de Galicia de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios Municipais (PLAN CONCERTADO 2017) Escola Infantil Municipal, por importe de 72.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/604

Dáse conta da resolución de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios Municipais (PLAN CONCERTADO 2017) en concepto de persoal e SAF Básico.

Total asignado: 140.650,37 €

- 1º Anticipo xa librado no 1º cuatrimestre: 62.716,24 €

- Liquidado a percibir (2º anticipo): 77.934,13 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Emprego

PRP2018/614

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial, relativa ao Plan Provincial de Obras e Servizos. Plan Concellos 2018. Liña 3. Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, pola que se concede ó Concello de Vilagarcía 319.269,71 € destinados á contratación laboral de 36 traballadores/as, cunha xornada de traballo a tempo completo e por un período de 9 meses, correspondendo unha aportación municipal de 81.175,12 €:

- 3 Empregados Auxiliares Administrativos en xeral.
- 1 Monitor e/ou Animador Deportivo.
- 11 Axudantes Albaneis
- 4 Peóns Forestais
- 3 Pintores e/ou empapeladores
- 4 Instaladores electricistas
- 1 Carpinteiro en xeral
- 1 Fontaneiro
- 1 Soldador para arco eléctrico en xeral
- 4 Traballadores de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 2 Peón Sepultureiros/enterradores.
- 1 Axudante mantenedor de instalacións deportivas

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



PRP2018/615

Dáse conta de modificación da Resolución do Servizo de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de 1 de xullo de 2016, de concesión de subvención, por importe de 179.134,20 €, relativa ao Proxecto de Obradoiro de Emprego FORME 16 (Exp. 36/00007/2016), para 20 alumnos/as traballadores/as, reducindo a contía a 178.903,37 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/616

Dáse conta de autorización da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xefatura Territorial de Pontevedra, de autorización para a contratación anticipada de 12 traballadores/as para a realización da obra ou servizo denominado “Servizo de Salvamento e socorrismo 2018”, co grupo de cotización 10.

Subvención solicitada: 53.536,32 €

Aportación Municipal: 1.109,88 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a presentación da correspondente oferta no Servizo Público de Emprego, para a contratación de 12 socorristas, cunha xornada a tempo completo, durante tres meses, dende o 1 de xullo de 2018

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/605

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dunha Masterclass de Fruta a impartir polo frutista D. Manuel Morales, os días 16 e 17 de marzo de 2018, na Aula 2.1 ou 2.3 do primeiro andar do Auditorio, nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música, en colaboración coa Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL, con aportación económica dos asistentes.

Así mesmo acórdase autorizar a elaboración de diplomas acreditativos a través da Área de Comunicación.

PRP2018/606

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dunha Masterclass de Guitarra a impartir polo guitarrista D. Rubén Abel Pazos, o día 6 de abril de 2018, na Aula 2.1 ou 2.3 do primeiro andar do Auditorio, nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música, en colaboración coa Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL, con aportación económica dos asistentes.

Así mesmo acórdase autorizar a elaboración de diplomas acreditativos a través da Área de Comunicación.

PRP2018/607

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dunha Masterclass de Guitarra e novas tecnoloxías aplicadas ao estudo da guitarra clásica a impartir por D. Oswaldo Oro, o día 8 de marzo de 2018, na Aula 2.1 ou 2.3 do primeiro andar do Auditorio, nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música, en colaboración coa Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL, con aportación económica dos asistentes.



Así mesmo acórdase autorizar a elaboración de diplomas acreditativos a través da Área de Comunicación.

PRP2018/608

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización de dúas conferencias a impartir por D. David Muñoz Velázquez, Profesor de Tuba do Conservatorio Profesional de Música e Danza de Gijón, a celebrar o día 2 de marzo de 2018, “técnicas de respiración aplicadas ós instrumentos de vento e técnicas para un estudo eficaz na música”, patrocinadas polas Empresas Duende Instrumentos Musicales, Centro Polivalente Ana María Parada e Axencia de Viaxes Tee Travel. Así mesmo acórdase autorizar a elaboración de diplomas acreditativos a través da Área de Comunicación.

PRP2018/609

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar as saídas didácticas que a seguir se indican:

1.- Saída á Escola Municipal de Música, o día 20 de febreiro de 2018, en horario entre as 18:00 e as 20:00 horas para asistir a un Concerto que ofrecerá o dúo arxentino Quiñones-Fernández (Trompeta e Piano), a proposta da ANPA ATRIL e dirixido ao alumnado de 1º, 2º e 3º curso de grao elemental, acompañados dos seus profesores.

2.- Saída á Escola Municipal de Música, o día 1 de marzo de 2018, en horario entre as 18:00 e as 20:00 horas para ofrecer un Concerto de alumnos/as do Conservatorio, no que participará alumnado en representación das distintas especialidades instrumentais existentes no Centro.

PRP2018/610

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso do vestíbulo de exposicións da Casa de Cultura para a exposición “Rosalía de Castro”, que permanecerá aberta dende o 23 de febreiro ata o 23 de marzo, en horario de 9 a 21 horas, de luns a venres, e os sábados de 9 a 14 horas.

PRP2018/611

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as normas que rexerán a selección dos premios anuais ós/as mellores lectores/as-usuarios/as do servizo de préstamo a domicilio da rede municipal de bibliotecas do Concello (Biblioteca Pública Municipal e Axencias de Lectura de Carril, Bamio e Vilaxoán), dirixidos a usuarios/as de idades comprendidas entre 6 e 12 anos, inclusive.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/617

Vista a proposta da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da organización dunha excursión a León do 14 ao 18 de marzo, sen custe para o Concello, realizando a mesma **Empresa Pereira, S.L.**, cun prezo para as/os excursionistas de 245,91 € cada un, para un mínimo de 55 persoas, cun suplemento de 58,00 € por habitación individual (máximo 6 habitacións) e de 68,00 € para máis de 6 habitacións individuais.

O prazo de inscrición é do 6 ao 23 de febreiro.



ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/571

Vista a solicitude de D. José González Vázquez, en representación do **IES Castro Aobre**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 16, 17 e 18 de marzo, para a celebración dun acto co fin de recadar fondos para a excursión do alumnado de 1º de Bacharelato, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de mesas e cadeiras.

PRP2018/618

Dáse conta do escrito presentado por D. Xoán Mariño Rubio, en representación da **AA.VV. Vilaxoán**, solicitando a colaboración municipal nos gastos da celebración das actividades do Entroido en Vilaxoán.

Dáse conta de Proposta da Concellería de Cultura.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Nuria Martínez Fernández** en concepto de cátering comparsas e enterro da sardiña, por un importe total de 883,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 338.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/619

Vista a solicitude de Dona Gema Pizarro Exposito, en representación de **Centro de Danza Gema Pizarro**. e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 17 de xuño, para a celebración dunha gala de danza, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

A presente autorización concédese condicionada ao seguinte:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Sinalarlle, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.
- Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).
- De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:
 - Salón de Actos: 264,70 €.
 - Responsable de salón: 10,20 €



TOTAL: 366,70 €

Así mesmo acórdase a impresión de carteis e entradas numeradas con cargo ó Concello.
Dar conta ao Departamento de Rendas e Área de Comunicación.

PRP2018/620

Vista a solicitude de D. Marcos Comesaña Castro, en representación de **BTT Trocamuces**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario do Auditorio Municipal, o día 24 de febreiro, en horario de 18:30 a 22:00 horas, para a celebración dunha Xunta Anual Ordinaria, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/621

Dáse conta dos convenios Económico-Cultural entre o concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións que levan a cabo a xestión de actividade nos Centros Socio-Culturais Municipais, para a súa posterior sinatura, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar prórroga dos citados convenios para o ano 2018, coa aportación económica a cada unha das seguintes Asociacións, que ascende a 1.800,00€ con cargo á partida 334.22703:

ASOCIACIÓN	C.I.F.	IMPORTE	NOME PERSOA RESPONSABLE
ASOC. MM.RR. A PIÑOUSA de Cea	G-36284982	1.800,00€	Mª Dolores Negro Lago
AA.VV. AGUSTÍN ROMERO de Cornazo	G-36135754	1.800,00€	Mª Rita Cores Osorio
AA.VV. FAXILDE de Faxilde	G-36154649	1.800,00€	José Alberto Gomez Araújo
ASOC.CULTURAL MALVEIRAS de Carril	G-36136679	1.800,00€	José Luis Eiras Mollinedo
AA.VV. BREOGÁN de O Piñeiriño	G-36137578	1.800,00€	Mª Dolores García Lafuente
ASOC. MM.RR. ANDURIÑA de Sobradelo	G-36261279	1.800,00€	Mónica Mª Miguéns Iglesias
ASOC.MM.RR. FONTECARMOA	G-36530350	1.800,00€	Bárbara Diz García
ASOC. MM.RR. SAN XINÉS de Bamio	G-36204345	1.800,00€	Josefina Ordoñez Ordoñez
ASOC.MM.RR. XIABRE de Guillán	G-36264901	1.800,00€	Mª Dolores Carballo Reguero
AA.VV. O SOUTO de Rubiáns	G-36564797	1.800,00€	Jorge Carlos Abuín Rodríguez
AA.VV. SAN MIGUEL de Trabanca Badiña	G-36180073	1.800,00€	Mª del Carmen Gaité Pastor
ASOC.MM.RR. E CONSUMIDORAS PERLA DE AROUSA de Renza	G-36231106	1.800,00€	Mª Trinidad Diz Vidal
AA.VV. GRUPO SAN ROQUE de Vilagarcía	G-36147924	1.800,00€	Mº del Carmen Vicente Rubianes
AA.VV. SAN ROQUE de Castrogudín	G-36060523	1.800,00€	Julián Abuín Fontenla
AA.VV. A GOLPELEIRA de A Torre	G-36163251	1.800,00€	Antonio G. Domínguez Álvarez
ASOC. MM.RR. E CONSUMIDORAS DE TRABANCA SARDIÑEIRA	G-36236156	1.800,00€	Mª Isabel Fernández Varela
AA.VV. SAN MARTIÑO DE SOBRÁN –Galáns	G-94045192	1.800,00€	Benito Torrado Ínsua
AA.VV. DE VILAXOÁN	G-36250504	1.800,00€	Antonio Casás Valoira
	TOTAL	32.400,00€	

PRP2018/622

Vista a solicitude de Dona Ana Granja Briones, como Presidenta da **Asociación de Familiares de Enfermeos de Alzheimer - AFASAL** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal os días 13 e 14 de abril con motivo da celebración da Gala Benéfica Anual de AFASAL, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de



conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

A presente autorización concédese condicionada ao seguinte:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Sinalarlle, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.
- Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Así mesmo acórdase a impresión de carteis e entradas numeradas con cargo ó Concello.

Dado que solicitan o uso de un Piano, deberán poñerse en contacto coa responsable do Conservatorio Profesional de Música.

Dar conta á Área de Comunicación.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/623

Dáse conta da publicación no DOG nº 14, de data 19 de xaneiro de 2018, de Extracto da Resolución do 4 de xaneiro de 2018, da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a convocatoria para o ano 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención ao abeiro das citadas bases para “Ruta dos Cruceiros” colocación de cartelería, para a posta en valor dos Cruceiros de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 16.918,83 €, de conformidade coa memoria descriptiva redactada polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada resolución, así como o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado.

PRP2018/624

D. José M. García Freijeiro, en representación de **Cespa, S.A.**, concesionaria do Servizo de recollida e transporte de lixo ao vertedoiro, limpeza viaria, prazas, parques e xardíns públicos e praias do Concello, presenta escrito coa data 27/10/2017 no que solicita unha autorización ao órgano competente do Concello, para que a maquinaria e vehículos que reverten ao Concello ao rematar a concesión, e que xa están totalmente inservibles e fora de uso polo seu desgaste e deterioro, poidan darse de baixa definitiva na Xefatura de Tráfico correspondente.

A concesionaria detalla deseguido unha relación de vehículos e maquinaria fora de uso:

VEHÍCULOS/EQUIPOS FORA DE USO		
Matrícula	Marca/Modelo	Año matriculación
PO 4745 BT	Mercedes Recolector Comcompactador	2000
PO 4746 BT	Mercedes Recolector Comcompactador	2000
8540 BDB	Renault Recolector Comcompactador	2000
CO637BGN	Piaggio Ape 50	2000
CO638BGN	Piaggio Ape 50	2000
CO639BGN	Piaggio Ape 50	2000
CO640BGN	Piaggio Ape 50	2000



CO641BGN	Piaggio Ape 50	2000
CO642BGN	Piaggio Ape 50	2000
PO53736VE	Flozaga 500 DHP Remolque Limpiaplayas	1999
E2853BBJ	Tennat 7400 D Fregadora	2000
PO1644BT	Caja Abierta Brigada Nissan Cabstar	2000

Segundo información facilitada polo departamento de Rendas do Concello, todos os vehículos figuran matriculados a nome de Cespa, S.A.; comprobado no expediente relativo á concesión do Servizo de Limpeza, a adscrición dos citados vehículos ao servizo, resulta o seguinte:

- a) O vehículo correspondente á matrícula PO 4745 BT modelo Mercedes Recolector Compactador, atópase adscrito ao Servizo.
- b) O vehículo PO 4746 BT modelo Mercedes Recolector Compactador tamén está adscrito ao Servizo(ten unha baixa temporal na Xefatura de Tráfico).
- c) Os restantes vehículos da relación, non consta que se atopen adscritos ao Servizo.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar á Empresa **CESPA, S.A.** para que proceda á baixa definitiva na Xefatura Provincial de Tráfico dos vehículos citados.

PRP2018/675

Á vista das Bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Solicitar unha subvención, por importe de 181.442,86 € con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 con destino á realización e financiamento do investimento “Reforma do Graderío de Preferencia no Campo de Fútbol da Lomba”.

Segundo: Aprobar o proxecto denominado “Reforma do graderío de Preferencia no Campo de Fútbol da Lomba”, redactado polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun orzamento de licitación de 181.442,86 € (IVE incluído).

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.